**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 431.111,93 €, dos cales 74.821,08 € corresponden ao IVE (21%)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICADO DE INVESTIMENTOS RELATIVOS AO PLAN DEPUTACIÓN 2024.

*1º.- Proposta de aprobación, se procede, en relacion co escrito da Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, solicitando modificación de investimentos incluídos no Plan Deputación 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:28 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Página | 20/38 |

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Fonsagrada no que solicita a modificación de investimentos incluídos no Plan Deputación 2024, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26/12/2023 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2024. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 08/01/2024.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Deputación 2024 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 26/03/2024, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| A FONSAGRADA | 89 | ADECUACION AVENIDA DE GALICIA 64-44, INCLUIDO HONORARIOS | 18.585,70 € | 77.737,56 € | 96.323,26 € |

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III.

5. A Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, a través de escrito de data 20 de xaneiro de 2025 solicita:
a) A modificación do investimento incluído inicialmente no Plan Deputación 2024, concretamente o investimento nº 89, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... a día de hoxe non se dispón por parte do Concello dos medios materiais nin persoais necesarios para a realización dunha obra destas características, polo que resulta necesario contratar a execución da mesma,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| A FONSAGRADA | 89 | MODIFICADO ADECUACION DE AVENIDA DE GALICIA 64-44, INCLUIDO HONORARIOS | 35.689,83 | 77.737,56 € | 113.427,39 € |

6. A base 14, indica que “se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto

no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2024, é a Xunta de Goberno.
Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello de A Fonsagrada que se sinala, quedando incluído no Plan Deputación 2024.
E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado."

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, e en consecuencia, aprobar a modificación do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Deputación 2024 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| A FONSAGRADA | 89 | MODIFICADO ADECUACION DE AVENIDA DE GALICIA 64-44, INCLUIDO HONORARIOS | 35.689,83 | 77.737,56 € | 113.427,39 € |

**2º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*2º.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Becerreá, solicitando modificación/ substitución de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Becerreá no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2024, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26/12/2023 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2024. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 08/01/2024.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Deputación 2024 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 26/03/2024, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| BECERREÁ | 28 | MELLORA DE ACCESOS DE VILLAMANE, A ERMIDA, SERRA DE HORTA, VILAR DE CANCELADA E CAMIÑO DE CALDEIRO | 12.716,80 | 111.293,57€ | 124.010,37€ |

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Becerreá a través de escrito de data 23/01/2025 solicita:
a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Deputación 2024, concretamente o investimento nº 28, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... ningún licitador presentou a súa, polo que declarouse deserto o devandito contrato en dúas ocasións...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| BECERREÁ | 28 | MELLORA DE ACCESOS DE VILLAMANE, VILAR DE CANCELADA E CAMIÑO DE CALDEIRO | 12.716,80 | 111.293,57€ | 124.010,37€ |

6. A base 14, indica que "se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputacion, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8.Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2024, é a Xunta de Goberno.
Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello de Becerreá que se sinala, quedando incluído no Plan Deputación 2024.
E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Becerreá, e en consecuencia, aprobar a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2024 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:


| | IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:28 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Página | 24/38 |

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| BECERREÁ | 28 | MELLORA DE ACCESOS DE VILLAMANE, VILAR DE CANCELADA E CAMIÑO DE CALDEIRO | 12.716,80 | 111.293,57€ | 124.010,37€ |

**2º.-** Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

**3º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE SOLICITUDE, SE PROCEDE, DE EXTENSIÓN DO PERÍODO DE EXECUCIÓN DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)- PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO).**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Á vista do informe conxunto do Servizo de Comunicación e TICs e da Sección de Innovación e Participación Cidadá que a teor literal di:

*Antecedentes*.

Primeiro.- A Deputación de Lugo resultou beneficiaria das axudas reguladas na Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022. As subvencións contempladas na devandita Orde destínanse a financiar proxectos de modernización e dixitalización no ámbito das administracións das entidades locais. Os destinatarios das actuacións a realizar son os concellos da provincia de Lugo con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Segundo.- Para a execución das axudas creouse o programa ImpulsaTIC, Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo, para agrupar as propostas presentadas no marco da Orde TER/836/2022.
Á vista das actividades nas que cada concello quere participar, e en base á información das enquisas remitidas por cada concello que permiten determinar a situación actual e as súas necesidades, elaborouse a distribución final baseada nesta información e de forma equitativa por cada unha das actividades. En Xunta de Goberno de 24.11.2023 prestouse aprobación a este reparto e ao alcance dos proxectos e actuacións enmarcados dentro do proxecto ImpulsaTIC para cada un dos 52 concellos adheridos.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria do 01 de marzo de 2024 aproba solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o máximo permitido conforme ao artigo 11 da ORDE TER/836/2022. Resolvendo a data de 15 de marzo de 2024 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local a ampliación do prazo ata o 30 de setembro de 2024.
A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria de día 12 de xullo de 2024, acorda solicitar, en base ao artigo 11.1 da Orde TER/836/2022, unha segunda ampliación do prazo de execución dos proxectos ata o máximo posible. Resolvendo o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, con data 23 de xullo de 2024, a extensión de dito prazo de execución ata o 31 de marzo de 2025.

Cuarta.- No mes de decembro de 2023 inícianse con carácter de urxencia as licitacións asociadas á execución dos proxectos, sendo adxudicadas en tempo e forma. Existe un remanente de 599.877,18 € con respecto á axuda inicial concedida.
Con base nese remanente, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria do 25 de outubro do 2024 acorda solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha ampliación do alcance do proxecto "Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes. Creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos e implantación de un sistema de automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales" do programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) con número de expediente 499-632865 para incorporar as seguintes subactuacións:
Subactuación 1. Dotación de servidores municipales. Que consiste en renovar os servidores locais municipais que actualmente están obsoletos (tanto en recursos *hardware* como en *software*), para substituílos por servidores de nova xeración, con altas capacidades, máis seguros e eficientes. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000€.
Subacutación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario. Para que os concellos poidan automatizar e modernizar o rexistro da xornada laboral conforme o artigo 34 do Real Decreto 2/2015,de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Traballadores, dotarase a cada concello dun terminal de físico de fichaxe xunto con tarxetas para os traballadores municipais, ademais implantarase un aplicación que permita realizar a xestión das fichaxes e os

permisos, dende o ordenador vía web ou dende o móbil vía APP. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000€.
Con data 17 de decembro de 2024 o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática resolve favorablemente a solicitude.

*Consideracións*.

Primeira.- O artigo 11 da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2022 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que: "De acordo con o que se establece no artigo 11 da ORDE TER/836/2022, cando existan causas excepcionais que impidan a finalización do proxecto no período de execución sinalado, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do mesmo debidamente xustificada. Dita solicitude deberá realizarse antes do último mes do período de execución".

Segunda.- A ampliación de alcance resolta en decembro de 2024 derivou nunha consulta de participación aos concellos afectados cara a preparación das licitacións oportunas.
En aras dunha maior seguridade xurídica, a xuízo de quen subscribe, cómpre acollerse a esa posible ampliación na execución e solicitala no prazo establecido na normativa de aplicación de acordo coas seguintes motivacións:
O impulso de novas licitacións derivadas da ampliación de alcance feitas en decembro e o cumprimento dos prazos establecidos pola Lei de Contratos do Sector Público poden supoñer problemas na data de execución final prevista do 31 de marzo de 2025.
A complexidade na implementación e coordinación da metodoloxía de xestión de Fitos e Obxectivos do PRTR, cos consecuentes atrasos que isto pode carrexar na tramitación dos expedientes de contratación.
En consultas realizadas ao Ministerio en relación a esta situación, é factible a posibilidade de solicitar unha nova prórroga sobre a anterior que permita finalizar os contratos iniciados con garantías.

*Conclusión*.

Polo exposto e conforme o artigo 11 da ORDE TER/836/2022, informamos sobre a necesidade de realizar as actuacións administrativas oportunas para elevar á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o máximo permitido.

Á vista dos informes emitidos polos diferentes Servizos desta Entidade, formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Demográfica unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o máximo permitido."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESESTIMACIÓN DO RECURSO INTERPOSTO CONTRA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS DENTRO DO PROGRAMA "MARELA" 2024.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidadedo seguinte teor:

"Desestimación, se procede, do recurso potestativo de reposición, formulado por D. José Manuel Neira Gómez, contra o Acordo da Xunta de Goberno, do 27 de decembro de 2024, de resolución definitiva de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024.

En relación co recurso potestativo de reposición, formulado por D. José Manuel Neira Gómez, contra o Acordo da Xunta de Goberno, do 27 de decembro de 2024, de resolución definitiva de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse, o 23 de xaneiro de 2024, informe do seguinte teor:

"*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 23 de agosto de 2024, entre outros:
"1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024, dotado con 200.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2024.
2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:28 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Página | 28/38 |

3º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo."
4º.- A aprobación do gasto, por importe de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024."

Segundo.- A convocatoria e as bases que rexen a concesión das citadas subvencións publicáronse no BOP de Lugo, nº 203, do 2 de setembro de 2024.

Terceiro.- O 5 de setembro de 2024, D. José Manuel Neira Gómez, con DNI nº: ***3802**, presentou solicitude de subvención no marco da convocatoria citada con anterioridade.
En relación con esta solicitude e á vista da documentación que a acompañaba, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe, o 3 de decembro de 2024, no que se indicaba que aquela non podía ser estimada, pois a documentación presentada reflectía o incumprimento do requisito, establecido na Base 4, de que os animais elixibles tiñan que ter nacido na propia explotación de titularidade do solicitante.
Do dito informe derivou que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 5 de decembro de 2024, acordara desestimar provisionalmente, entre outras, a solicitude de subvención de D. José Manuel Neira Gómez.

Cuarto.- Notificado o dito acordo a través da súa publicación no BOP de Lugo, nº 282, do 7 de decembro de 2024, concedéuselles aos interesados un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación, para presentar alegacións.
Rematado o trámite de audiencia sen que fora presentada alegación ningunha por parte de D. José Manuel Neira Gómez, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2024, acordou ditar resolución definitiva de concesión das subvencións, manténdose a desestimación da súa solicitude por non quedar acreditado o cumprimento do requisito de que o animal polo que se solicitaba a subvención nacera na explotación da súa titularidade; o que lle foi notificado a través da publicación do dito acordo no BOP de Lugo, nº 300, do 30 de decembro de 2024.

Quinto.- Contra este acordo, D. Miguel Ángel Lolo Aira, con DNI nº: ***3982**, en nome de D. José Manuel Neira Gómez, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 10 de xaneiro de 2025 (RE nº: 2025RT000266), recurso potestativo de reposición no que, tras alegar que o animal para o que se solicitara a subvención si que nacera na explotación da que era titular, indica que aporta un censo gandeiro que así o acredita, solicitando a revisión do citado acordo da Xunta de Goberno da

Deputación de Lugo, do 27 de decembro de 2024, para a estimación da súa solicitude de subvención.

*Fundamentos de dereito.*

I. Normativa aplicable.
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local 8 (LRBRL).
Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).
Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 009, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024- (OXS).
Bases para a concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo (publicadas no BOP de Lugo, nº 203, do 2 de setembro de 2024) (Bases Reguladoras das Subvencións).

II. Lexitimación do recorrente.
O artigo 112.1 da LPACAP require a condición de interesado para estar lexitimado na interposición dos recursos de alzada e potestativo de reposición.
A persoa que figura como recorrente no recurso que aquí se informa ostenta a condición de interesado no procedemento, ao abeiro do disposto no artigo 4.1.b) da mesma Lei.
En atención ao anterior recoñécese lexitimación activa ao recorrente, para a interposición do recurso potestativo de reposición obxecto deste informe.

III. Prazo para a interposición do recurso potestativo de reposición
O prazo para a interposición do recurso potestativo de reposición será, consonte ao establecido no artigo 124.1 da LPACAP, dun mes, se o acto contra o que se interpón fora expreso.
Sendo que o acto impugnado foi obxecto de notificación aos interesados a través da súa publicación no BOP de Lugo, nº 300, do 30 de decembro de 2024, e que o escrito cualificado como recurso potestativo de reposición obxecto deste informe tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade o 10 de xaneiro de 2025, o recurso está presentado en tempo hábil.

IV. Competencia e prazo para resolver o recurso
De conformidade co establecido no artigo 123.1 da LPACAP, en relación cos artigos 52.2 da LRBRL e 63.2 do RLXS, a competencia para resolver o recurso de reposición obxecto deste informe corresponde ao órgano administrativo que ditou o acto impugnado, isto é, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo.

O citado recurso deberá ser resolto, e a súa Resolución notificada, no prazo máximo dun mes, contado dende o día seguinte á súa interposición, consonte ao establecido no artigo 124.2 da LPACAP, sen prexuízo do efecto desestimatorio do silencio administrativo que opera nos procedementos de impugnación de actos (artigo 24.1.III da mesma Lei) e da obriga da Administración de ditar resolución expresa, en todo caso, en calquera momento.

V. Defectos formais do recurso.

O recurso que aquí se informa foi presentado, tal e como quedou exposto no antecedente de feito quinto, no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, coa sinatura manuscrita do recorrente.

Neste senso, cómpre ter en conta que o artigo 10.2 da LPACAP establece unha relación de sistemas de firma válidos, para os casos nos que os interesados optaran por relacionarse coas Administracións Públicas a través de medios electrónicos, entre os que non se atopa a sinatura manuscrita.

Por outra banda, tal e como tamén quedou exposto no antecedente de feito quinto, o recurso obxecto deste informe foi presentado por un terceiro, D. Miguel Ángel Lolo Aira, sen estar acreditada a representación outorgada a este, e incumprindo, polo tanto, o establecido no artigo 5 da citada LPACAP.

Se ben o recorrente, ao abeiro do establecido nos artigos 73.2 e 5.6 da LPACAP, debería ter dereito a que lle fora concedido un prazo para a emenda dos citados defectos, a xuízo de quen informa, de cara ao cumprimento dos principios de axilidade dos procedementos e economía, que deben presidir, entre outros, as actuacións e relacións administrativas, e tendo en conta a análise obxecto dos seguintes fundamentos de dereito VI e VII, non procede conceder a aquel a cumprimentación do dito trámite, pois as citadas emendas non producirían efecto ningún no sentido da resolución que, ao meu xuízo, procede adoptar.

VI. O fondo do recurso.

Tal e como se reflicte no recurso interposto polo recorrente, exponse nel a súa desconformidade co acto recorrido, alegando que o animal obxecto da solicitude de subvención, con número de crotal ES041113216995, si que naceu na propia explotación da que é titular, cumprindo, polo tanto, o requisito establecido na Base 4.

Con todo, o mesmo recurso indica que o cumprimento do dito requisito queda acreditado coa presentación dun "censo que se adxunta"; censo que, cómpre sinalar, non consta no expediente.

Con base nese argumento, o recorrente solicita "que tendo por presentado en tempo e forma este escrito e documentos que o acompañan, sírvase admitilos, tendo por interposto recurso de reposición contra o indicado na resolución, se revise o meu expediente e, se procede, se me dite nova resolución de aprobación", pero sen indicar os motivos de nulidade ou anulabilidade nos que fundamenta o recurso.

Consonte ao establecido no artigo 112.1 da LPACAP, caberá fundar os recursos de alzada e potestativo de reposición en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da mesma Lei.
Da conxunción dos feitos e da norma citados nos parágrafos anteriores, despréndese claramente, salvo mellor criterio, que o recurso formulado polo recorrente, non recollendo ningún motivo de nulidade ou anulabilidade da resolución recorrida, limitándose a poñer de manifesto que o animal para o que se solicitou a subvención cumpre os requisitos establecidos na Base 4 –o que non foi acreditado nin no trámite de audiencia nin no propio recurso-, e que non causa nulidade nin anulidade de aquela, ten que ser obxecto de desestimación por carecer de fundamento.

VII. Sobre o incumprimento da Base 4 e a xustificación material da decisión contida no Acordo da Xunta de Goberno do 27 de decembro de 2024, de concesión definitiva das subvencións, e do informe favorable á desestimación do recurso.
Sen prexuízo do anterior, procede, ao meu xuízo, entrar no fondo do asunto, para aclarar o motivo da desestimación da solicitude de subvención formulada no seu día polo recorrente, así como para abundar na fundamentación que conducirá ao informe favorable á desestimación do recurso que aquí se informa, por incumprimento do establecido na Base 4 das Reguladoras das subvencións e no artigo 112.1 da LPACAP.
Consonte á citada Base 4, "Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas e xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega, sempre que posúan femia/s reprodutora/s desta raza, nacidas na propia explotación, que pasara/n ao Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico durante o ano 2023...".

Por elo, que os animais para os que se solicita á axuda naceran na propia explotación da que é titular o solicitante da subvención convértese en requisito esencial para poder acceder a ela.

O recorrente indicou, no anexo I da súa solicitude de subvención, que o animal para o que se solicitaba esta era o identificado co número de crotal ES041113216995.

No expediente que integra a dita solicitude, consta certificación da Oficina Agraria Virtual, da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, relativa ao censo existente na explotación de titularidade do recorrente, do 3 de setembro de 2024, na que se reflicte que o dito animal naceu o 10 de xuño de 2021, incorporándose á explotación o 14 de xuño de 2024. Do que se deduce claramente que este non naceu na explotación titularidade do recorrente, incumprindo, polo tanto, o requisito antes citado da Base 4.

Neste senso, cómpre ter en conta o disposto no apartado 1 do artigo 13 da LXS, relativo aos requisitos para obter a condición de beneficiario de subvencións. Consonte a aquel, "poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria".


| | IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:28 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Página | 32/38 |

O apartado primeiro do artigo 13 da LXS transcrito, dende unha perspectiva negativa, exclúe a posibilidade de obter a condición de beneficiarios de subvencións ás persoas que non se atopen na situación que fundamenta a súa concesión ou nas que non concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

Polo tanto, incorrería en nulidade de pleno dereito (en aplicación do establecido no artigo 47.1.f) da LPACAP) a resolución de concesión das subvencións que recoñecera ao recorrente a condición de beneficiario de subvención e, polo tanto, o seu dereito ao seu cobro, se, previamente a ser ditada, non concorreran en aquel as circunstancias previstas na citada Base 4.

Do anterior derivou que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 5 de decembro de 2024, acordara a desestimación provisional da solicitude do recorrente, o que lle foi notificado a través de publicación no BOP de Lugo, nº 282, do día 7 do mesmo mes, concedéndolle un prazo de dez días para presentar alegacións.

Transcorrido o dito prazo sen que o agora recorrente presentara alegación ningunha, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou, o 27 de decembro de 2024, desestimar a solicitude de subvención con carácter definitivo.

Por maior abastanza, cómpre facer referencia ao feito de que, aínda no suposto de que o recurso que aquí se informa non adoecera dos defectos formais aos que se refire o fundamento de dereito V, e de que quedara acreditado neste o cumprimento do citado requisito establecido na Base 4, tampouco procedería, ao meu xuízo, a revisión do acto, pois elo significaría concederlle á falta de dilixencia do recorrente - que non fixo alegación ningunha no trámite de audiencia que se lle concedeu- o valor do que carece; pois en ningún momento quedou acreditado que o acto recorrido incorrera en ningún dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPACAP.

*Informe*.

Por todo o exposto, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, infórmase a procedencia de desestimar o recurso potestativo de reposición, interposto por D. José Manuel Neira Gómez, o 10 de xaneiro de 2025 (Rexistro de entrada nº: 2025RT000266), contra o Acordo da Xunta de Goberno do 27 de decembro de 2024, de resolución definitiva de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas

no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024."

Tendo en conta a documentación que integra o expediente e o citado informe da Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

**1º.-** Desestimar o recurso potestativo de reposición interposto por D. José Manuel Neira Gómez, o 10 de xaneiro de 2025, contra o Acordo da Xunta de Goberno, do 27 de decembro de 2024, de resolución definitiva de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024.

**2º.-** Notificar o presente Acordo ao interesado, en legal forma, con expresión dos recursos procedentes."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOGACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PASEO DO RÍO RATO, DEBIDO Á FALTA DE CULTIVO.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

"O Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020 establece os requisitos e condicións que rexen o uso e funcionamento dos Hortos urbanos do Parque do Paseo do Rato.

Entre eles establece no seu apartado XI. Órganos competentes o seguinte:
"Punto 32. En materia relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo".

O día 21 de xaneiro de 2022 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (3ª Fase) para novos usuarios entre os que se inclúen as seguintes persoas;
Posteriormente, en sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 1 de marzo de 2024, acordase a ampliación a prórroga das autorizacións concedidas por un prazo de dous (2) anos adicionais, ata o 3 de marzo de 2026, de entre outros, das seguintes persoas interesadas :


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:28 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Página | 34/38 |

| HORTO ASIGNADO | PERSOA INTERESADA |
|---|---|
| 113 | Yassine Charara Houman |
| 142 | Maria Jesús Devesa Ferreiro |

O día 27 de xaneiro de 2023 a Xunta de Goberno acorda a aprobación das Autorizacións de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do Rato (4ª Fase), para novos usuarios, entre os que se inclúen as seguintes persoas:

| HORTO ASIGNADO | PERSOA INTERESADA |
|---|---|
| 90 | Noelia Rodríguez Ruíz |
| 121 | Monica Abelleira Balea |
| 128 | Iria de Cabo Serrano |
| 143 | Andrea Alonso Carrasco |
| 144 | Anxo Xosé García Dopico |
| 145 | Teresa Martinez Iglesias |
| 148 | Cristina Gómez Rodríguez |

O día 26 de xaneiro de 2024 a Xunta de Goberno acorda a aprobación das Autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato (5ª Fase), para novos usuarios, entre os que se inclúen as seguintes persoas:

| HORTO ASIGNADO | PERSOA INTERESADA |
|---|---|
| 14 | Iago Castiñeira López |
| 48 | Fátima Zahra Ferrak |
| 61 | Carmen Mª López Meilán |
| 62 | Vito Castello López |
| 91 | Irene Fernández Garcia |
| 95 | Cristina López Pérez |
| 100 | Marta Álvarez Sánchez |
| 105 | Octavio Zea Osorio |
| 114 | Alejandro Muñoz Ayala Sánchez |

Visto o informe emitido polo Servizo de Medio Ambiente con CSV IV7VETIOPRVP5SO4AQ4EG5IBAU.

Vista a documentación e informes presentes no expediente 2024/XEN_01/003203 sobre Revogación de Autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato e tendo en conta que o Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020) establece no seu apartado XVIII os motivos polos cal se pode perder a condición de usuario da horta, entre a que se atopa:
“d) Falta de cultivo da parcela, salvo causa xustificada.”

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** A revogación da autorización de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato concedida, e a perda da condición de usuario dos Hortos urbanos do Parque do Rato, debido ao non cultivo dos mesmos; segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, dos seguintes usuarios:

| HORTO | USUARIO /A |
|---|---|
| 14 | Iago Castiñeira López |
| 62 | Vito Castello López |
| 91 | Irene Fernández Garcia |
| 95 | Cristina López Pérez |
| 100 | Marta Álvarez Sánchez |
| 113 | Yassine Charara Houman |
| 114 | Alejandro Muñoz Ayala Sánchez |
| 121 | Monica Abelleira Balea |
| 128 | Iria de Cabo Serrano |
| 142 | Maria Jesús Devesa Ferreiro |
| 143 | Andrea Alonso Carrasco |

**2º.-** Manter as autorizacións dos Hortos indicados a continuación, posto que manifestaron por escrito o compromiso de retomar o cultivo do Horto asignado (1), xustificaron a falta de cultivo do mesmo (2) ou, no seu caso, emendaron as causas que deron inicio ao procedemento de revogación (3).

| HORTO | USUARIO /A | CAUSA |
|---|---|---|
| 48 | Fátima Zahra Ferrak | (1) |
| 61 | Carmen Mª López Meilán | (1) |
| 90 | Noelia Rodríguez Ruíz | (1) |
| 105 | Octavio Zea Osorio | (3) |
| 144 | Anxo Xosé García Dopico | (1) |
| 148 | Cristina Gómez Rodríguez | (1) |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 237/2024.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"No Procedemento Abreviado nº 265/2023-P seguido a instancia de D. Juan Carlos González Huerta fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación patrimonial presentada en data 25-01-2023, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo ditou a Sentenza nº 237/2024, de data 25 de novembro de 2024, cuxo fallo é o seguinte:

"Debo estimar y estimo en parte la demanda presentada por don Juan Carlos González Huerta contra la Diputación Provincial de Lugo y declaro contrario a derecho y anulo la desestimación presunta de la reclamación patrimonial presentada.
Declaro que concurrió responsabilidad patrimonial viaria en las lesiones y daños sufridos el día 18/8/2022 y como reconocimiento de la situación jurídica individualizada condeno a la Diputación a indemnizarle en la cantidad actualizada de -7.032,56- euros.
Cada parte asumirá las costas causadas a su instancia y las comunes por mitad.
La presente resolución es firme".

Mediante Dilixencia de Ordenación de data 18 de decembro de 2024. notificada o 2 de xaneiro de 2025, declarouse a firmeza da devandita Sentenza.

Tendo en conta que a Deputación Provincial de Lugo ten contratado un seguro de responsabilidade civil xeral no que se indica que a franquía máxima aplicable por sinistro será de 300 euros, e constando certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento da devandita cantidade comunicada polo Servizo de Intervención.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** O cumprimento da devandita Sentenza nos termos contidos no seu fallo.

**2º.-** Que se autorice o ingreso da cantidade de 300 euros en concepto de franquía na conta de consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo cos seguintes datos:
Nº de conta: ES55 0049 3569 92 0005001274
Concepto: 4178000094026523."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:28 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Página | 37/38 |

**13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

*Dación de conta da sentenza nº 175/2024.*

Dase conta da Sentenza nº 175/2024, de 25 de novembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000027/2024, seguido a instancia de D. Christian Varela Conde contra a desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de data 11-07-2023 en materia de responsabilidade patrimonial, e en cuxo fallo dí o seguinte: "*Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Christian Varela Conde frente al Excmo. Concello de Outeiro de Rei seguido como proceso abreviado número 27/2024 ante este Juzgado, figurando como codemandadas Caser Cía de Seguros y la Excma. Diputación Provincial de Lugo, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento que se declara conforme al ordenamiento jurídico, absolviendo a la demandada de todas las pretensiones formuladas en su contra. Sin expresa imposición de costas."* A Xunta de Goberno queda enterada.

**14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:28 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPZ55DZRMNCU7VIBBHKI | Página | 38/38 |